



Patricia Méndez grava o seu primeiro disco



Guía para iniciarse na bicicleta de montaña



Todo listo para a final do Parlamento Xove

Xuventude
onovas



Volve

A Xuventude no Mundo



A Xuventude no Mundo abre o prazo para inscribirse na súa terceira edición

- Os primeiros destinos son Italia, Hungría, Colombia, a República Checa e Xapón

Volve **A Xuventude no Mundo**. O programa de intercambios xuvenís da dirección xeral de Xuventude chega á terceira edición, con catorce destinos diferentes. En realidade, dúplícanse as posibilidades de escoller, porque en 2010 foran sete as alternativas. Así, o que o ano pasado se artellou como un programa experimental tivo tan boa acollida que ten xa garantida a continuidade como unha das propostas máis interesantes para os mozos e mozas galegos.



Esta edición duplica o número de alternativas

O obxectivo é coñecer outras rexións e formas de vida diferentes

A intención segue sendo a mesma: darlles a oportunidade de coñecer outras rexións e medios de vida diferentes

aos que están afeitos. Durante unha semana, teñen ocasión de relacionarse con xóvenes doutros lugares e participar en experiencias enriquecedoras a nivel persoal, que favorecen a súa autonomía e madurez, e que lles achegan novos coñecementos e valores como a solidariedade, a tolerancia, o

voluntariado, a comprensión da diversidade sociocultural, e a protección da natureza.

Cada intercambio conta cun amplo programa de actividades, xeralmente deseñadas a partir dunha temática central e en colaboración coa correspondente organización de acollida. Obra-

doiros, visitas a lugares de interese, asistencia a conferencias, participación en mesas redondas, encontros con autoridades e representantes sociais, ou elaboración de traballos específicos son algunhas das actividades máis frecuentes.

En total, ao longo do ano vanse ofrecer 126 prazas, a razón de nove por cada unha das viaxes que se irán desenvolvendo ata o mes de setembro. As dos seis primeiros destinos de intercambio comezan a ofertarse xa a partir deste 2 de xaneiro. Son en Italia, Hungría, Colombia, a República Checa e Xapón.

En sucesivas semanas iranse abrindo as inscricións para novos intercambios na República Checa e Hungría, e outros en Chile, Rusia, Moldova, Armenia, Arxentina e Portugal.

Inscrición a través do mail e desconto do 25% se tes o Carné Xove

O proceso de inscrición en "A Xuventude no Mundo" é moi cómodo e pode facerse directamente desde a casa.

Os formularios de solicitude estarán dispoñibles na web de Xuventude e terán que enviarse por correo electrónico a mobilidadexuvenil@xunta.es.

As prazas asígnanse por orde de inscrición, sempre que se ingrese a cota de participación na conta corrente que os preadmitidos recibirán no seu enderezo electrónico.

E como sempre atención aos usuarios do **Carné Xove**, porque teñen un desconto do 25% sobre esa cota, o que fai aínda máis atractivo o programa. Teñen que adxuntalo escaneado por mail unha vez teñan confirmada a admisión.



"A XUVENTUDE NO MUNDO"

AS SEIS PRIMEIRAS POSIBILIDADES

RIMINI (ITALIA)

Inscripcións do 2 ao 8 de febreiro. Cota de 400 euros con Carné Xove e de 533,25 sen el.

Intercambio do 21 ao 28 de febreiro, no que a temática será a función da fotografía como ferramenta xuvenil. Nesta **cidade** italiana, están programadas conferencias sobre a utilidade desta técnica para preservar a historia dos pobos, obradoiros sobre distintos tipos de fotografía, charla e debate sobre a revolución dixital, e mesmo a iniciación a algúns programas informáticos sobre fotografía, e a publicación de fotos nun sitio web creado ao efecto.



CESKA TREBOVA (REPÚBLICA CHECA)

Inscripcións do 14 ao 17 de febreiro. Cota de 400 euros co Carné Xove e de 533,25 sen el.

Intercambio entre o 25 de marzo e o 1 de abril. Toda a programación na **localidade** artéllase arredor da diversidade cultural, mediante xogos, visitas, obradoiros, conferencias. Abordarase especificamente a discriminación de colectivos minoritarios, e os problemas do racismo e a xenofobia.



HOLLÓKÖ (HUNGRÍA)

Inscripcións do 2 ao 8 de febreiro. Cota de 400 euros co Carné Xove e de 533,25 sen el.

Intercambio do 2 ao 9 de marzo. O eixe da visita será o patrimonio natural e cultural do país, mediante obradoiros, charlas e visitas específicas. Entre elas, a poboación de **Hollókő**, Patrimonio da Humanidade, un parque arqueolóxico con pegadas prehistóricas, ou a rexión vinícola de Tokaj-Hegyalja, tamén Patrimonio da Humanidade.



BROLO (ITALIA)

Inscripcións do 9 ao 16 de febreiro. Cota de 400 euros con Carné Xove e de 533,25 sen el.

Intercambio entre o 1 e o 8 de abril. Vaise centrar no valor da cultura no futuro. Contémplase a participación nun programa de televisión local, visitas á **Costa Saracena** e ao Parque Natural de **Nébrodi**, a creación dun spot, un obradoiro de diversidade relixiosa, ou mesas redondas sobre o futuro da xuventude.



CARTAXENA (COLOMBIA)

Inscripcións do 1 ao 9 de febreiro. Cota de 700 euros co Carné Xove e de 933,25 sen el.

Intercambio entre o 16 e o 23 de marzo, no que se abordará a incidencia da cultura na formación da xuventude. Haberá actividades de integración a través do folclore do Caribe, visitas aos lugares máis representativos, conferencias sobre a historia da **cidade**, contacto co entroido de Barranquilla, obradoiros con entidades xuvenís, ou conferencias.



WAKAYAMA (XAPÓN)

Inscripcións do 4 ao 10 de febreiro. Cota de 750 euros con Carné Xove e de 1.000 sen el.

Intercambio entre o 26 de maio e o 5 de xuño, no que se fará un achegamento ás maneiras orientais de vivir. O programa comprende visitas pola **Prefectura**, conferencias sobre o patrimonio local, ou achegamento á cidade de **Hongu**, onde comeza o camiño **Kumano Kodo**, con analoxías co Camiño de Santiago e tamén declarado Patrimonio da Humanidade.





Os oito finalistas xa están preparados para a fase final do Parlamento Xove

● O concurso decidírase o 26 de febreiro

Os oito equipos que acadaron a fase final do concurso **Parlamento Xove** velan armas -dialécticas, por suposto- para a derradeira contenda que terá lugar no **Parlamento de Galicia** o vindeiro 26 de febreiro.

Para irse poñendo a tono, hai uns días dedicáronlle unha fin de semana á xornada preparatoria no **albergue de Gandarío**, en Bergondo (A Coruña). Os oito equipos traballaron no concurso durante a xornada do sábado. Utilizando como temática a importancia das marcas comerciais e as tecnoloxías da comunicación e entrete-

mento como posible motivo de exclusión social entre a xuventude, buscaron información, elaboraron artigos e prepararon dossiers de investigación para finalmente debater a favor ou en contra dunha tese. A mañá do domingo tivérona para descansar e participar en varias actividades lúdicas no albergue, que este inverno, por primeira vez, está rexistrando unha intensa actividade.

Este 'simulacro' non será tal o sábado 26. No hemiciclo do Hórreo, o xurado valorará quen ten a mellor capacidade para seleccionar a información, quen destaca



máis na expresión escrita e na oral, a orixinalidade e a capacidade de razoamento.

O premio para os vencedores é unha viaxe conxunta e un ordenador portátil para

cada membro do equipo. O mellor dossier de investigación levará unha vídeoconsola, o redactor do mellor artigo un portátil e os seus compañeiros un disco duro.



CENTROS FINALISTAS

LA SALLE (Santiago)

IES Becerreá

IES A Pinguela (Monforte)

Colexio Divina Pastora (Ourense)

SEK Atlántico (Poio)

IES Laxeiro (Lalín)

Colexio Filipenses (Vilagarcía)

IES A Xunqueira I (Pontevedra)

Galicia compartirá e coordinará programas e instalacións xuvenís con outras oito comunidades autónomas

A Xunta decidiu compartir e coordinar, desde este mesmo 2011, os seus programas e instalacións xuvenís con outras oito comunidades autónomas: Ca-

taluña, Andalucía, A Rioxa, Comunidade Valenciana, Aragón, Castela-A Mancha, Illas Baleares e Castela e León.

A intención desta medi-

da, para a que se asinará un convenio de colaboración multilateral, é mellorar a rede de servizos dirixidos á xuventude cun marco común de actuación. De feito,

haberá un protocolo de actuación que determinará o acceso dos usuarios a cada servizo, permitirá coñecer as prazas dispoñibles, e deseñará o intercambio recíproco de prazas.

As actividades e instalacións dispoñibles figurarán

nunha relación que se aprobará en conxunto. Non se inclúen os albergues xuvenís galegos porque xa forman parte doutro convenio de colaboración semellante, neste caso suscrito coa Administración Central do Estado.



Dobre Espacio forma cidadáns máis concienciados



● Proxecto de Iniciativa Xove en Vilagarcía de Arousa

Contribuír a xerar unha mocidade máis activa, autónoma e emprendedora, fomentar a súa participación social, mellorar a calidade do seu tempo de lecer, crear un espazo de comunicación que lle sexa útil, ou promover o uso de novas tecnoloxías. Estes eran algúns dos obxectivos do ambicioso proxecto que a Asociación Xuvenil Espacio Dobre, de Vilagarcía de Arousa, acometeu ao amparo da **Iniciativa Xove**.

As súas actividades desenvolvéronse durante un mes cos preto de 150 alumnos de 3º da ESO do **IES Castro Alobre**. A partir de aí, por unha ou outra vía, fóronse espallando a boa parte da vila. Durante 56 horas de obradoiros, abordaron cuestións como a tolerancia, a necesidade e o xeito de resolver conflitos sen violencia, ou a mellora do desen-

volveremento persoal e das relacións cos demais a partir de reflexións comúns sobre os problemas abordados.

En todos os bloques temáticos, Dobre Espacio conseguiu unha participación moi activa dos estudantes, mediante o uso de xogos tipo rol, teatro, ou dinámicas de pregunta e resposta. A idea era tamén que puidesen atopar respostas a inquiredanzas que noutros ámbitos, como o familiar ou a educación regrada, a miúdo máis dada ás leccións maxistras que aos resultados prácticos, nin chegan a prantexarse.

Na liña da interacción, o proxecto incluíu a creación dun espazo para consultas. Unha área comunicativa coa que a asociación, co apoio de entidades como os centros Quérote+, atendeu aspectos abordados nos obradoiros como casos de bulling, dúbidas sobre a sexualidade,

que lles chegan mediante **correo electrónico** ou xa antes aos poñentes.

Boa parte da experiencia, ademais de na web, recollérona nunha revista, que distribuíron de balde no instituto con artigos explicativos dos obradoiros, impresións dos poñentes e achegas de profesores e estudantes. Dobre Espacio conseguiu implicar no seu proxecto a organizacións como **Canviar** ou **CGI-Migración**.

A avaliación xeral que fan organizadores e participantes é "moi positiva" e de feito contan con repetir proxectos semellantes en 2011. O resultado do seu traballo contribuirá a unha sociedade máis rica e dinámica, con cidadáns dispostos a afrontar os problemas e a traballar en conxunto en asociacións ou clubs de diversa índole, en vez de suxeitos pasivos empotrados nun sofá.

Asociacións europeas interésanse pola participación xuvenil galega

Un total de 36 mozos e mozas, pertencentes a asociacións culturais, xuvenís e de tempo libre de nove países europeos, acudiron ao encontro "Cara un novo modelo de participación xuvenil" celebrado en Santiago dentro dunha iniciativa do programa Xuventude en Acción coordinada pola asociación socio-cultural Luenda.

O encontro serviu para debater sobre os modelos de participación xuvenil dos países participantes (Portugal, Italia, Grecia, Bulgaria, Hungría, República Checa, Francia, Bulgaria e España), e compartir as experiencias de cadaquén para incrementar a presen-

za dos máis novos en todos os ámbitos sociais.

O director xeral de Xuventude expuxo neste encontro as accións da Xunta. Ovidio Rodeiro lembrou que a participación xuvenil é un dos eixes da **Estratexia Xuventude 2013** e explicou que precisamente a partida deste eido é a única que se incrementa nos orzamentos da dirección xeral para 2011.

Rodeiro explicou que os resultados son moi positivos, xa que as accións xuvenís de carácter autonómico medraron un 68,4% no primeiro ano en vigor do novo modelo **Iniciativa Xove**, máis aberto e menos burocrático.





Mira mamá: sen mans!!!

● A práctica da bicicleta de montaña require e á vez outorga unha boa condición física

Non é un deporte de risco extremo, sempre que se tomen as medidas de seguridade axeitadas, pero si de emocións intensas. A bicicleta de montaña serve para poñer a toda proba a nosa habilidade sobre as súas rodas e a capacidade de reflexos, ademais da fortaleza e a resistencia física.

Non está contraindicado para ningunha idade, pero está claro que é unha actividade especialmente idónea para a xuventude. Nos clubs ciclistas rexistran cada vez máis demanda entre os seus socios, pero ás veces as ideas previas non cadran coa realidade ao pedal.

Sucedede que, como outros tantos deportes, non é o mesmo ver a bici de montaña na pantalla que verse despois tratando de guiarse entre carreiros estreitos e revirados ou subindo pendentes curtas pero moi pronunciadas.

Por eso, quen saben desto recomendan comezar pouco a pouco. Primeiro hai que buscar as rutas máis boas e ilas traballando con



PARA XOGAR SEN RISCOS E A CALQUERA HORA

WEB DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO

ALGÚNS CLUBS E PEÑAS DESTACADOS

Ultreia / Caimanes / Os Esfola Arros / Os Chans Ambroa / Correcamiños / Os Rozatoxos / Medela Ourenbike / BTT Verín / Pontearreas / Vilagarcía

constancia. Así conseguiremos gañar forma física e ir desenvolvendo as **técnicas** para enfrontarnos a obstáculos máis complexos, curvas inesperadas ou sesións de pedaleo esixentes.

Non menos importantes que a condición física do ciclista son as características do equipamento. É aconsellable **facerse cunha bici** resistente e sobre todo adaptada ao uso que lle imos dar, o que non quere dicir que necesariamente teña que ser cara.

Nin que dicir ten que non se deben descoidar tampouco os elementos de **seguridade**. Por moito dominio que teñamos, as caídas coa bici de montaña son frecuentes e o tipo de terreo sobre o que se circula pode agravar as lesións se non hai protección abondo.

Aínda que non sexa para competir, tamén é recomendable correr en grupo e por trazados xa delimitados e sinalizados, ou cando menos coñecidos. En Galicia xa hai múltiples **rutas** moi apetecibles para botarse ao monte.

Turgalicia creará unha rede de centros para bicicletas todo terreo

Os afeccionados á Bicicleta Todo Terreo (BTT) van ter dentro e pouco máis opcións para practicar este deporte en Galicia. Será coa **Rede de Centros BTT** que está a crear **Turgalicia**.

O primeiro dun total de cinco púxose en marcha hai unhas semanas no Salnés, con base no **Campo de Golf de Meis**. Seguindo o modelo deseñado para a rede, dispón dun centro de recepción e información onde alugan material e dan servizos de reparación e limpeza, e dan detalles específicos sobre os itinerarios. En concreto, no Salnés hai dez **rutas**, cun trazado sinalizado e adaptado aos diversos niveis.





Dead Space 2 abre un ano cheo de videoxogos



Se no pasado número repasabamos as **novidades cinematográficas** que trae consigo 2011, nesta ocasión imos ao mundo dos videoxogos. Aproveitando a saída ao mercado esta semana do agardado **Dead Space 2**, se che vai iso de acribillar aliens, e da chegada en febreiro de **Bulletstorm**, outra cinta chea de acción, imos botar unha ollada ao que nos depararán os vindeiros meses.



Un dos estreos máis agardados é a nova entrega da saga MGS: **Metal Gear Solid: Rising**. Teremos que agardar ata xuño para disfrutar da nova obra mestra de **Hideo Kojima**, na que Raiden será o protagonista. Na mesma liña están títulos como **Ghost recon future soldier**, Crysis 2 (cunha **demo xogable**), **Killzone 3** (cuxa demo estará lista o vindeiro 16 de febreiro) ou **Final Fantasy XIV**, que chegarán no primeiro semestre de ano.



Outro dos grandes títulos que non podes perder é a nova entrega do cabaleiro escuro de Gotham. **Batman: arkham city**, a agardada secuela da exitosa Batman: arkham asylum, é unha das cintas máis agardadas deste ano cando clásicos como as novas entregas de **Fifa**, **PES** ou **The legend of Zelda: skyward sword**. Mais se queres apostar por algunha novidade, facémosche dúas recomendacións: **I am alive** e **The last guardian**. Pero, como sempre, ti tes o mando.





Patricia Méndez, a incipiente carreira musical dunha afeccionada ás baladas

● Acaba de gravar a súa primeira maqueta e participa nun concurso da televisión autonómica galega

Que é unha moza con moito talento xa había tempo que o sabían na casa, porque tal como di "case empecei a cantar antes que a falar". Pero agora comeza a demostrarllo ao resto do mundo. Patricia Méndez Asorey, unha melidense de dezasete anos, está a dar os primeiros pasos no mundo da música, que en breve poderían levala a encetar unha frutífera carreira profesional.

Hai uns días rematou a gravación da súa primeira maqueta, con pezas pop e tres

"Teño en mente compoñer, pero non me queda tempo"


temas de música clásica, no local de ensaio da localidade. Nesta tarefa, que considera "unha oportunidade única que non ten todo o mundo e tratei de aproveitar ao máxi-

mo", contou coa colaboración de Xoán Curros, outro novelo que tamén ten colaborado en varias galas musicais, a dúo e como solistas.

Patricia di estar "moi contenta co resultado" porque, aínda sendo unha maqueta, presenta "bastante calidade técnica". Sen dúbida, é o primeiro paso para un disco de verdade.

Pero esta moza melidense prefere non marcarse prazos nin autoesixencias. As prioridades tenas claras: "primeiro quero rematar os meus estudos e despois a ver como van indo as cousas, se atopo algo relacionado coa música estarei encantada porque gústame moito", declara.

Polo de agora só interpreta cancións prestadas, doutros autores, a ser posible "baladas que contan unha historia bonita que poida transmitir, que impresione á xente que me escoita", describe. Pero Patricia Méndez tamén ten "en mente" compoñer temas



"Estou aprendendo a dominar os nervios ante o público"

do programa **Luar**, da TVG, representando a Galicia Centro. Outra oportunidade que define como "única" e que lle serve para ir gañando popularidade e experiencia: "sempre te ve moita xente, supoño que eso está ben, pero ademais estou aprendendo a dominar os nervios, que sempre me custara un pouquiño".

Esa é quizais a súa maior grandeza como artista: o desexo de seguir aprendendo, non conformarse co que ten e, con modestia, enfrontarse a novas metas coas que ao mellor nin conta. "Non sabería dicir onde me vexo dentro duns anos, gustaríame dedicarme a esto pero é un pouco complicado", comenta. As bases están postas e son ben firmes.

propios: "o que pasa é que non me queda tempo, os días tiñan que ter máis horas", di.

E non se pode dicir que non aproveite cada segundo por-

que ademais de levar adiante o Bacharelato sen problemas e gravar a maqueta, cada semana está participando no concurso musical "Recantos"

NON O PERDAS

ALBERTUCHO. VIGO. 4 DE FEBREIRO. LA FÁBRICA DE CHOCOLATE.



BONAFIDE. A CORUÑA. 19 DE MARZO. MARDI GRAS.

NON O PERDAS

VIGO

8 de febreiro
The Gasoline Bros Feat. Rick Richards (The Georgia Satellites)
La Fábrica de Chocolate

11 de febreiro
Nashville Pussy
El Infierno

12 de febreiro
Basia Bulat + Jane Joyd
Sala Mondo

18 de marzo
Tote King
Mondo Club

LUGO

3 de febreiro
Gari
Clavicémbalo

OURENSE

3 de febreiro
Philippe Graffin & Marisa Gupta
Auditorio Municipal

4 de febreiro
Albert Pla e Diego Cortés

Auditorio Municipal

13 de febreiro
Basia Bulat
Café Pop Torgal

19 de febreiro
Vivid Remorse + Dredd + Acid Proyect + Upcoming of Devastation
Café Teatro Xesteira

O BARCO DE VALDEORRAS

4 de febreiro
Samuel Leví y Los Niños Perdidos
Baranda

O PORRIÑO

5 de febreiro
Gari
Liceum

CANGAS

4 de marzo
The Bright
O SalaSon

PONTEVEDRA

3 de febreiro
Lupercal
A Cabaña

10 de febreiro
Nothink
Sala Karma

11 de febreiro
Pablo Carbonell
Sala Karma

ARZÚA
12 de marzo
Tote King
Praza de Galicia

13 de marzo
Susana Seivane
Praza de Galicia

SANTIAGO DE COMPOSTELA

3 de febreiro
Albert Pla e Diego Cortés
Sala Capitol

4 de febreiro
Barón Rojo
Sala Capitol

12 de febreiro
Mari Boine
Auditorio de Galicia

Dr. Gringo
Moon

19 de febreiro
Tierra Santa
Sala Capitol

A CORUÑA

9 de febreiro
The Gasoline Bros Feat. Rick Richards (The Georgia Satellites)
Mardi Gras

11 de febreiro
Madede + Nothink + Un lobo en la jaula
Sala O Túnel

18 de febreiro
More Than a Thousand + Dawn of the Maya + A New Heaven Arise
Le Club

19 de febreiro
Addler's Appetite
Playa Club

19 de febreiro
Dr. Gringo
Garufa

26 de febreiro
Kase.O Jazz Magnetism

Sala O Túnel

12 de marzo
M-Clan
Teatro Colón

Mardi Gras
Standstill + Pülsar
Sala O Túnel

FERROL

3 de febreiro
Arizona Baby
Auditorio

3 de marzo
The Bright
C.C. Torrente Ballester

SADA

18 de marzo
Paris Joel
Moby Dick

BUEU

6 de febreiro
Gari
Sala Aturuxo

19 de febreiro
Kaotiko + Insolbentes
Sala Zona